

Marzo 2018

A CIG rexeita o Acordo retributivo dos sindicatos estatais co goberno do PP porque non inclúe a recuperación do que nos foi roubado

Cinco millóns de euros para formar cadros sindicais, a cara B da Mesa Xeral de Negociación ou a explicación das sinaturas.



A Área Pública da CIG –que atinxe as federacións de Ensino, Administración e Saúde– critica duramente este acordo tras analizar a fondo o texto que xa denunciara que estaba “cociñado” fóra da Mesa Xeral de Negociación entre as cúpulas sindicais de CC.OO., UGT e CSIF e o Ministerio de Facenda.

A representación da CIG xa denunciou esta semana na Mesa Xeral das Administracións Públicas a desvinculación dos salarios públicos da variación do IPC para indexalo ao

PIB, ao entender que pode supoñer un grave precedente para o desfase que se poida producir entre a carestía da vida e os salarios das persoas empregadas públicas. Así mesmo, implica o triunfo das consignas do neoliberalismo, que pretende que os salarios dependan da macroeconomía e non da realidade que temos que afrontar a diario cando pagamos unha hipoteca ou mercamos alimentos. Na intervención do ministro Montoro na reunión evidenciouse esta pretensión, cando se felicitou de que se estea a abrir un camiño

que debe exportarse aos acordos salariais nas empresas privadas.

O que tan pomposamente se presenta como unha recuperación, poñendo o foco na suba dun 6,12% dos nosos salarios até 2020, dista moito de ser unha realidade, xa que o propio Banco de España agarda unha suba do IPC do 4,67% nese mesmo período. O secretario nacional da CIG-Administración Pública, Xavier Picón, xa expuxo con claridade na Mesa que o acordo asinado só permitirá recuperar un 0,48% en cada ano no período

2018-2020, e que con ese ritmo de recuperación establecido, o persoal das administracións públicas tardarían 28 anos en recuperar o 13,20% de poder adquisitivo perdido nos últimos 8 anos.

Para estes efectos, o coordinador de CIG-Área Pública propuxo na Mesa unha suba salarial adicional sobre o Acordo acadado entre o Goberno e os sindicatos estatais dun 4,40% en cada unha das 3 anualidades, e incluíndo unha cláusula de garantía salarial por desviación do IPC. Pero a proposta non foi acollida por ningunha das partes asinantes do Acordo, botando por terra calquera posibilidade de recuperación real dos salarios recortados co pretexto da crise.

Non se crea novo emprego e pónense en perigo miles de postos de traballo temporal

En materia de Emprego, a Área Pública da CIG conclúe que “malia a tan cacarexada mellora da situación económica, o mantemento das taxas de reposición no Acordo asinado non permite crear emprego no sector público, nin recuperar as prazas perdidas nos últimos anos nestes ámbitos. “Isto vai seguir xerando emprego temporal e inestábel e, nalgúns casos en fraude de lei, co agravante de que agora as taxas xa non veñen impostas, senón que son froito de acordo coas organizacións sindicais estatais”.

O Acordo asinado dá por bos os recortes de persoal, xa que as ofertas de emprego que poidan derivar da Lei de Orzamentos do Estado para 2018 teñen que limitarse ás prazas que quedan vacantes por xubilación, pois as taxas adicionais pactadas no Acordo son de difícil aplicación á maioría das Administracións Pú-

blicas distintas da do propio Estado, como tamén denunciou o representante da FEMP na Mesa Xeral.

O coordinador da CIG-Área Pública pediu expresamente na Mesa Xeral a supresión das taxas de reposición para permitirlles ás Comunidades Autónomas e ás Administracións Locais a recuperación de emprego público, proposta que foi tamén secundada polos representantes da FEMP e dalgúna das CC.AA. presentes na Mesa Xeral das AA.PP. pero o Goberno fixo oídos xordos á nosa proposta.

No que ten a ver coa consolidación de emprego, o texto agora aprobado polos sindicatos estatais e o goberno supón unha ampliación do Acordo sobre estabilización do Emprego Público asinado polos mesmos protagonistas e que a CIG xa rexeitou no seu momento porque non recupera o emprego público perdido.

O acordo limitase a consolidar:

“prazas estruturais que xa están ocupadas na actualidade, nuns casos por persoal temporal ou interino e noutros por persoal indefinido non fixo por sentenzas que, en ningún caso, implica incremento real de prazas nos cadros de persoal”

E fai táboa rasa das prazas perdidas no período 2010 - 2017, que se cuantifica en 270.000 postos de traballo no conxunto do Estado, e 12.000 en Galiza.

Tanto este Acordo como o de marzo céntranse exclusivamente na friaxe das cifras sen ter en conta para nada ás persoas que durante anos prestaron servizo en precario nestes postos de traballo nas diferentes AA.PP.

Nada se di no Acordo sobre como se van a levar a cabo eses procesos de consolidación, pero o texto obriga a incluír todas as prazas afectadas nas próximas ofertas de emprego, o que pon “aos pés dos cabalos” a miles de persoas cunha longa traxectoria como persoal temporal, interino ou indefinido non fixo, mesmo con idades próximas á xubilación, nunha fase da súa vida laboral que dificulta enormemente unha colocación noutros ámbitos se perden o posto de traballo nun momento fulcral da súa carreira de cotización.

Nin rescate salarial, nin recuperación de emprego nin recuperación de dereitos

Mais desde a CIG aseguramos que con este Acordo tampouco se recuperan os dereitos laborais suprimidos: no que ten a ver coa xornada laboral, ao quedar a posibilidade da redución condicionada ao cumprimento dos obxectivos en materia de estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto, polo que unhas administracións poderán negociar a redución e outras non. Isto vai dar lugar a distintas xornadas laborais entre as persoas empregadas das distintas AA.PP., en función da situación económica de cada entidade, sen que en ningún caso sexan estas persoas as responsables da xestión económica en cada ámbito, o que foi tamén moi criticado por algúns representantes das CC.AA. que interviñeron na xuntanza da Mesa.

Sobre a retribución das baixas por I.T., o Acordo deixa na man de cada administración a posibilidade de complementalas ata o 100%, cando os sindicatos tiñan na man forzar o Goberno do Estado a derrogar as leis e normas que nos penalizan por enfermarse.



Tampouco se recolle nada no texto sobre a restitución de permisos recortados, sobre a xubilación parcial para o funcionariado do réxime xeral ou a xubilación anticipada do persoal das Policía Localis.

Por iso non é doado entender que os sindicatos, que até hai semanas falaban de recuperar o “arreatado” e da “dignidade” das e dos empregados do sector público, acepten agora pechar en falso esta negociación, cando o único que se precisaba era a derogación das leis que introduciron os recortes, mantendo intacta incluso toda a lexislación restritiva de dereitos de participación e de negociación colectiva, e facendo táboa rasa de todas as reivindicación sindicais anteriores.

Cinco millóns de euros para formar cadros sindicais, a cara B da Mesa Xeral de Negociación

Ligazón ao Apartado do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas asinado polo Ministerio de Facenda, CC.OO., UGT e CSIF (14-03-2018) que fai referencia ao financiamento da formación interna de cadros sindicais. Os cartos derivados aos sindicatos supera-

rían os 5 MILLÓNS DE EUROS, un 9% do total dos fondos destinados a formación continua para as traballadoras e traballadores das AA.PP.

Na orde do día da reunión da Mesa Xeral de Negociación das AA.PP. o goberno incluíu unha proposta para asinar cos sindicatos a modificación do actual Acordo de Formación para o Emprego das AA.PP. (AFEDAP). O texto supón a adaptación ao novo marco da formación profesional no ámbito laboral, mais presenta no seu articulado unha novidade a salientar: todo un capítulo destinado ao financiamento de accións formativas dirixidas a cadros sindicais das diferentes organizacións sindicais con representación no sector público.

Nun documento previo, que recibiu un informe negativo da Avogacía do Estado, pretendíase incluír nese financiamento das organizacións sindicais a representantes que nin sequera fosen empregados públicos, algo que finalmente foi retirado do texto que se presentou na Mesa, xa que sería abertamente ilegal. A Área Pública da CIG amosou a súa desconformidade con este apartado do Acordo ao entender que a

formación interna dos delegados e delegadas sindicais debe ser sufragada cos fondos propios de cada organización e que os cartos de formación deben destinarse na súa integridade a formar a todos os traballadores e traballadoras públicas, reforzando a formación continua.

Cinco millóns de euros para formar cadros sindicais, a cara B da Mesa Xeral de Negociación ou a explicación das sinaturas.

Na propia Mesa, o Secretario Nacional da CIG-Ensino, Suso Bermello, preguntoulle directamente á Secretaria de Estado de Facenda pola contía que se destinará ao financiamento desta formación sindical, xa que ese dato non formaba parte da documentación entregada. Esta afirmou que sería superior aos 5 millóns de euros, o que implica que un 9% do total dos 58 millóns de euros dos plans de formación sería para formar a cadros sindicais. O texto contou co apoio de CC.OO., UGT e CSIF. Pola nosa parte, amosamos a nosa preocupación polo control do gasto deses recursos, preocupación que só foi compartida polo sindicato vasco ELA.